

FIANDEIRO

17 DE MAIO

DIA DAS LETRAS GALEGAS^{oo}

83





SUMARIO

DIA DAS LETRAS GALEGAS.

OS MAIOS.

CONCURSO.

TRABALLOS LITERARIOS.

COMIC.

REFRANS.

DEPORTES.

RUMORES.

PASATEMPOS.

DUAS LETRAS

Este ano o Día das Letras Galegas está dedicado ó escritor galego Manuel María Leiras Pulpeiro.

D. Manuel María Leiras Pulpeiro naceu en Mondoñedo, na rúa de Ronda, o día vintecinco de outubro do ano mil oitocentos cincoenta e catro. Era fillo de D. Vieente Leiras, médico ciruxano natural de Lindín, e de D^a. Matilde Pulpeiro, veciña que foi de Cangas, Foz (Ribadeo).

Pouco ou nada sabemos da infancia de Leiras. Imaxinámoño de rapazolo entre Mondoñedo e Lindín, cos seus abós paternos.

Polos anos 1.865, 1.866 e 1.867, estuda Latín no seminario mindonense e fai os estudos eclesiásticos nos que dan probas da súa aplicación ó acadar a calificación de "meritisimus".

No ano 1.877, ós vintetrés anos recién cumpridos, Leiras licenciouse en medicina na Universidade Central.

Un ano máis tarde de licenciarse atopámolo xa en Mondoñedo, onde que daría para sempre, exercendo o traballo de médico.

No ano 1.888, no día 29 de Agosto, casa en Mondoñedo, ós trinta e catro anos, con María del Milagro Antonia Andía Villar, coa que tivo oito fillos.

No ano 1.905, o Presidente da Academia Galega, Manuel Murguía, comunica a Leiras o seu nomeamento como académico de número, o que Leiras rechaza por motivos de traballo.

No ano 1.910 é premiado en Vigo o seu poema "Un Galo". Máis tarde aparece o seu libro de poemas "Cantares Gallegos" editado na imprenta mindonense de H. Mancebo. Este libro tivo éxito e adicáronselle grandes eloxios.

Poucos escritores como Leiras Pulpeiro souberon afondar tanto no coñecemento de fala cotián, e moi poucos souberon arrincar dela tanta beleza e recursos. Non somentes pola riqueza, mesmo solprendente que podemos atopar na súa obra poética, senón pola cantidade de materiais léxicos por el arrecadados ó longo da súa non moi longa vida.

O idioma de Leiras ten a ben gañada sona de ser un dos máis puros que entre nós se teñen usado. Cantos dunha maneira ou outra se atoparon algunha vez co seu caudal léxico e co mesto bosque da súa síntese, así o veñen proclamando.

Unha das virtudes do poeta de Mondoñedo é, pois, o seu coñecemento idiomático e as posibilidades que sabe arrincar ó idioma. Leiras arrinca ás palabras rústicas, migalleiramente escolmadas, efectos verdadeiramente faiscentes, verdadeiros xogos onde as palabras semellan estoupar unhas veces, tremelocir outras e, sempre, enchéndose de tal contido que o poeta logra expresar os máis sotiles matices, movementos, arrecendos, situacións e canto, ó cabo, supoña poñer a proba as posibilidades do idioma.

co. O singular coñecemento que tiña do mundo labrego e da súa fala bótase ver nesta poesía. O tema patriótico é moi querido tamén por Leiras Pulpeiro. A temática do lirismo de Leiras non é moi variada, pese ós numerosos poemas que escribiu.


MUIÑEIRA

¡ Ai, Maruxiña, si qués que te queira,
dille a teu pai que che done unha leira,
carro, e xugada, e unha meda de pan...
e non andes ao rabo con tanto galán!

Que si teu pai por ahí non me leva,
hoxe inda teño unha coda e freba;
e, pra alampare, non compre casar;
que tempo ha vir sobro pra ín se afogar!

MANUEL MARIA LEIRAS PULPEIRO "Muiñeira"

Xoán Carlos Boubeta 8º B



Este ano ó axuntamento de Bueu ocorrúeselle facer un concurso de maios. Nbs decidimos participar nel, e creu que saíu moi ben. Xuntámonos uns cantos rapaces e rapazas e empezamos a ensai-la letrilla e a marcha cos paus. A letrilla fíxose entre tódolos rapaces da segunda etapa que quiseron. Escolleron entre todas elas as mellores e puxéronlle a música. O maio fíxose no venres pra que estivese todo ben nos dous días seguintes e non murchase a súa vestimenta, que consistía en xestas, espadainas, fiuncho, laranxas, ovos e demais. A facelo contribuíron moitos rapaces e rapazas.

Chegou o sábadu, tivemos que actuar no grupo, as seis e media ou as sete da tarde. Ibamos vestidos con xestas e gorras de flores; catro rapaces levaban o maio e os gaiterirños iban diante tocando. Acabado de cantar na pista do grupo, fomos pra diante da farmacia e cantamos outro pouco. Logo recollemos todo.

O domingo actuamos en Bueu. O maio foi na carroceta de Abelardo, cousa que fixo desinteresadamente e pola que lle estamos moi agradecidos. Os gaiteiros e as de baile foron no autobús.

Paramos na Banda do Río e fomos tocando hastra o axuntamento, onde actuamos unha vez mais. Xuntouse bastante xente e as vendedoras das letrillas non daban avío.

Non se presentaron mais maios co noso e non nos foi difícil gana-lo primeiro premio que foron dez mil pesetas.

Con estes cartos fixemos unha merenda, pequena pero divertida. Os cartos que sobraron do premio mais os que sacamos das letrillas, que por certo foron moitos, repartímolos pra excursión de octavo e pró desplazamento dos gaiteiros a Cantonigros (Barcelona) no mes de xulio.

Sabemos o que é un maio. Pasámolo ben e ganamos cartos. Isto é saber


José Ramón Regueira Cerviño

Un xogo que se facía antigamente por estas festas era:

"A VESTI-LO MAIO"

Un grupo de rapaces vestían a unha rapaza de maio, que era con polas e flores de xesta; a esa rapaza vestida cubríase toda a cabeza e non vía. Levábanna entre dúas e cantaban toda: Vveleivai o maio cargado de flores, vaille da-los días a doña Dolores, veleivai o maio cargado de xestas vaille da-los días a doña Tereixa.

Beatriz Estévez Molanes.



Empezamos este ano
e non somos veteranos
queremos face-lo maio
aunque todo sexa en vano.

Este maio que fixemos
resulta bo criticón
pro non quere cavilar
nas futuras eleccións.

Antre o Pin e o Novás
e o Freire e o Pallal
queren asfalta-las pistas
e os cartos ¿ onde están?.

Dín que nesta alcaldía
inda hai moitos millóns
o que pasa é que alguén
empetounos nun caixón.

Xa estamos ben mareados
coas promesas dos patróns
e agora chégannos eles
con papeles e perdóns.

Coas promesas que eles dín
o país xa se arranxou
pero a merda que hai en Lagos
aínda ninguén a limpou.

Agora estamos así
sen pode-lo arranxar
todo son casas, casetas
pra non podernos bañar.

Os empregados do concello
pouco teñen que falar
pois cando ven a inspección
sempre se atopa a...

O noso Axuntamento
ten algún traballador
aparella e aparello
o que lle diga o señor.

Cos aires da Celulosa
estamos de maravilla
cheira a frores o ambiente
e enriqueceno-la ría.

Aínda que cheiros hai
a pesar dos ambientadores
na acera da biblioteca
é onde están os mellores.

Os señores do Estado
non están en plan de guasa
pois non expropian Ascón
por dar menos ca Rumasa.

Os europeos son listos
non se queren enlizar
veñen verquer a Galicia
a porcalla nuclear.

Con tantas acotacións
non se pode ir a pescar
imos a deixa-los mares
prós que se queiran bañar.

!Meus amigos, meus amigos!
En Beluso hai un colexio
que se isto sigue así
ninguén vai poder nin velo.

O sol cóstalle pasar
por entre os súcios cristales
quédase fora mirando

Persianas e radiadores,
!canto tendes que sufrir!
estades sempre berrando
"!por favor límpiaime a min!"

As cortinas son bonitas
e feitas con moitas mañas,
traballaron día e noite
pra facelas mil arañas.

Xa puxeron os letreiros
do concello por acá
os colexios siguen porcos
non dan cartos pra pintar.

Pra algún chófer do transporte,
según dí algún chaval
van facer unha colecta
pra mercarlle un bon bozal.

Eses nosos gaiteiriños
tocan a gaita moi ben
esperamos que os da danza
siganlle os pasos tamén.

Pra entrena-lo Beluso
usan un método vello
logra unha boa física
correndo detrás dun coello.

O equipo do Bueu
botou ó entrenador
non ten cartos pra pagar
o "Látigo" do señor.

Cando vai a xente á misa
o coro xa se calmou
!Qué demonios pasa aquí!
!Qué chispa o coro botou!

Os santos chora que chora
o coro sigue cantando
D. Andrés tapa as orellas

Coa madeira que se vende
nos montes que hai en Bon
pronto van facer parquet
pra ter un bon bodegón.

As galiñas de Cabalo
están feitas unha "puñeta"
porque lle van asfaltar
a terra da prazoleta.

Montemogos xa ten pista
unha pista sen igual
ese asunto foi máis longo
ca obra do Escorial.

"EN las orillas del Sar"
cantounas a Rosalía
as cunetas do lugar
son todo unha regalía.

Pensaron na Rúa Nova
nun tabladiño de palla
pra traer alí a beillar
a "la Remedios Amaya".

Proxectouse na Achadiza
un parque para xogar
pero os cartos dos veciños
ninguén os puido xuntar.

Os de Cela e Beluso
enemigos a matar
o Beluso leva todo
os de Cela a rebear.

Que apoquinen tinta-femia
se é que queren conquistar
a nos pra ter o que temos
bástanos con ir chorar.

Falar falamos d'abondo
moito queda por falar
xa temos a gorxa enxoiada

O outro día fixemos un concurso entre 8ºA e 8ºB

Este concurso consistía en:

- a) Elexir dúas persoas de cada grupo.
- b) Estas persoas eran as encargadas de plantexar dez preguntas de literatura, que debían ser contestadas polos concursantes do grupo contrario.
- c) O grupo que acumulase máis puntos sería o ganador.

Con respecto ás preguntas, as de 8ºA foron bastante fáciles e sen demasiado rolo; Nembargantes as de 8ºB xa foron máis difíciles e con máis rolo.

¿Cómo contestaron os concursantes de cada grupo (8ºA e 8ºB) ás preguntas que se lle fixeron?


Os concursantes de 8ºA, que son uns literatos baratos, a primeira pregunta que se lles prantexou foi fallada; isto ocorreu a causa de que o concursante estaba nervioso, pero as seguintes preguntas contestáronas ben; ó chegar á séptima todo cambiou, porque somente lograron contestar unha metade, entón somente levaron medio punto; as dúas seguintes tamén as contestaron correctamente, pero na última volveron a cometer outra vez un erro; porque soio contestaron outra vez unha metade; a pesar de todo estiveron ben.

Os concursantes de 8ºB, que xa estaban máis tranquilos, empezaron moi ben, pero ó chegar á séptima fallaron. Ese fallo foi moi grave, así que nesa pregunta non levaron ningún punto, pero as que lle fixeron a continuación contestáronas todas como verdadeiros literatos.

CURSO	PUNTUACION
8ºA	8
8ºB	9


Como poden ver, os ganadores foron o grupo de 8ºB, pero os de 8ºA tamén estiveron bastante ben. Amáis diso o importante é participar e divertirse.

OLIVIA VIDAL MUIÑOS




O INVERNO

No inverno
fai moito frío
e cando saio fóra
non podo resistilo.
Os cans métese nas casas
e pónense moi quentiños.
E os paxaros nas pallas
quentan os pitiños




O ALEGRE MENCER

Hoxe o'espertar, mirei
as rosas que parecían anxos
e entón pensei:
O Que todos debían estar alegres
como as rosas e como eu.



JOSE DAVILA SANTOS

2º



OS PAXARIÑOS

Pola mañán
moi cediño,
cantan os paxariños.
Da gusto oílos cantar,
meus queridiños.
E cando chove,
cantan baixiño.

Mª RITA DACOSTA RODAL

2º

O MAL HOITE

Cando eu era pequecho,
botáronme por mal camiño;
agora, aínda que eu queira,
non podo ir dereitiño.
Xa eu quixese ser honrado,
aínda que fose pobre,
non me importa traballar,
soio quero ser bo home
Non podo ser distinto,
son un simple ladrón,
fixen moitos pecadiños,
agora non teño perdón.
Vou ir parar á cadea,
non teño máis remedio,
vou morrer logo
aínda que non sxa de vello.

GUILBERMINA DIAZ MARTINEZ 6º

ISIDRO GARCIA DE LA TORRE

2º




O LIMÓN E A LARANXA

A laranxa foi á fonte.
O limón foi detrás dela:
A laranxa rindo bebeu auga
e o limón chorando ficou sen ela.
A laranxa quedou redonda
chea de auga.
O limón quedou alongado
sen chisco dela.
A laranxa púxose roxa.
O limón púxose amarelo.
A laranxa quedou todo o día rindo.
O limón chorando de envexa.



ADRIANA MARTINEZ

5º



A LÚA

De noite
cando me asomo
ó meu dorado balcón,
vexo a lúa que alumea
cando xa se foi o sol.
E mirándoa quedome
sen receio e sen temor
o mesmiño que fixera
co meu adorado amor.



RUT SERANTES CHAO

2º

CARAPUCHIÑA ENGANA Ó LOBO

Había unha vez unha rapaciña que se chamaba Carapuchiña. Nunha ocasión a nai díxolle que lle fose levar á súa aboa, que vivía na fraga, unha cestiña con doces. Anai díxolle tamén que tivese coidado co lobo, que a podía enganar. Carapuchiña asegurou que había de ir moi atenta.

A Carapuchiña gustábanlle moito os animais, e cando entrou na fraga púxose a xogar con eles. De súpeto apareceu o lobo e puxéronse a falar os dous.

-Chámome Carapuchiña.

-¿E a onde vas?

-Vou á casa da miña aboa, que vive na fraga.

-Pois tã vaite por ese camiño que é mais corto. Eu irei por este que é mais longo, e ver quen chega antes.

Carapuchiña pensou no que lle dixo o lobo e recordou o que lle dixera a súa nai. Ela tamén sabía que o camiño por onde a mandaba o lobo era mais longo.

-Bon, pois a ver quen chega antes.

E marcharon os dous.

A nena conocía un atallo pra chegar mais logo có lobo, e foi por el.

Cando chegou á casa da aboiña contoulle todo o que lle pasara na fraga, e despois díxolle a aboa:

-Bon, pois esperaremos as dúas ó lobo.

Despois as dúas foron buscar un pau pra darlle ó lobo, e escondéronse detrás da porta.

Cando chegou o lobo topou a porta aberta, pareceulle extraño pero entrou; entón é cando a aboa e Carapuchiña lle dan co pau e o lobo saiu correndo, e non lle quedou gana de volver a enganar a ninguén.

CONSUELO GARCIA POCEIRO.- 6º A

O león salvaxe.

Nuha cova vivía un león. O león estaba sempre a dormir. Un día veu un amigo. Petou na porta, -ipun, pun!. Non o sentiu. O amigo marchouse.

JULIA MIRANDA CABALLERO.- 1º B



A TÉCNICA AVANZA

FERRAMENTAS: Desde que chegaches aquí o zoqueiro tennos abandonadas.

MAQUINA: Porque eu fago as zocas mállor cá vós.

FERRAMENTAS: Pero nós somos as primeiras que existimos e debíanos tratar mellór.

MAQUINA: O que pasa é que me tendes envexa.

FERRAMENTAS: ¡Quen cho dese!

MAQUINA: Calade a boca que xa me estades enchebdo.

FERRAMENTAS: Nós non te enchemos, sólo queremos darche a entender que non nos gusta estar paradas, queremos traballar arreo.

MAQUINA: Síntoo, pero non teño a culpa.

FERRAMENTAS: Tés razón, pero nós queremos traballar.

MAQUINA: Mentos estea eu aquí vós non lle facedes falta, porque eu son mellor.

FERRAMENTAS: (Entre elas) Temos que recoñecer que somos xa da outra xeneración e por iso fai o dobre ca nós todas xuntas.

MAQUINA: ¡Que falades?.

FERRAMENTAS: Nada que che importe.

MAQUINA: Claro que che me importa.

FERRAMENTAS: Agora ímosche decir o que facemos algunhas de nós.

TRAIES: O meu oficio é o de apreta-la madeira.

MACHADO: Eu estou sempre cortando.

LLERGAS: Nos rascamo-la madeira.

MAQUINA: Xa me chega, non quero máis.

FERRAMENTAS: ¡Bó! Sempres estamos pelexando, así que xa chega, a culpa non é túa senón que é dos homes que siguen avanzando do peor o é mellor.

MAQUINA: Tendes razón, así que; veña, sen pelexar máis, e tamén vos vou decir que algún día xa me tocará a mín de estar parada, xa que buscarán outra cousa para me poder cambear.

M^a. Celeste Canosa Graña

Emilio García Otero

M^a Belén Domínguez Martínez

O LIBOREIRO

Monte da nosa ría,
Faro de tódolos ventos,
ti que miraches pasar
os anos maos e lentos.

Liboreiro queridiño
astra hoxe ben levantado
sigue sempre como astra agora
e sempre serás loubado.

Homes bos e educados
tamén larcháns e baralocas,
medio Morrazo tocou
o teu cume coas zocas.

Que ben debías estar,
cando tódalas arbrestañas
a xente só che deixou
as pedras, os toxos e as piñas.

Mirador ós catro ventos,
voz do aturuxo,
a envexa dos de América
é que te pisou primeiro un ruso.

Pra algúns eres volcán,
pra outros terra sagrada,
terra seca cando hai sol,
cando non, terra mollada.

Xavier Portela García

A GALICIA

!Que bñita é a miña Galicia
terra na que me criei!
e o día que marchaba pra Venecia
na cama de noite cavilei.

Se me marcho da miña terra,
!que vai ser de min!,
pasarei unha vida fera
e terei moi mal fin.

Pola mañá cedo
as maletas desfíxen,
na terra miña quodo,
marchar de Galicia non quixen.

Agora que ledó estou
quedándome a vivir eiquí;
mou tío tamén o pensou
e non marchou daquí.

Non hai rexión máis bonita
que poida ter España.
Pensas ela quita
e a miña tan extraña.

Tén lugares fermosos
a onde os poetas van
a escribir poemas alegres e penosos,
e máis fermosos son no vran.

Este poema meu,
que con cariño lle fago,
dalgunha cousa careceu,
monte, praia ou lago.

Nº del CARTÓN V
ZOLAND ALONSO BENTOS



A RODA DO AFIADOR

!Hola a todos! Son a roda do afiador e affo de todo: tesouras, coitelos, navallas, fouciñas, machadas, etc...

O ano pasado fun a Ribeira e coñecín a: Xosé, Xulio, Antón, Carlos, Tere, María e a moitos rapaces que estaban alí.

A xente que coñezo unha é boa e outra é mala, o que máis me gusta son as paisaxes que vexo.

Cando fomos á montaña xoguei cos nenos na neve, mentras eu daba voltas, voltas e voltas, os nenos fitábanme e eu disfrutaba véndoos contentos.

Por algúns lugares vense nenos grosos e por outros vense nenos flacos, flacos que non teñen nin un chisco de carne. Esas son as cousas máis tristes que vexo.

Unha vez unha muller díxolle ó meu dono se podía arrancarlle o paraugas, el díxolle que non podía arreglalo porque tiña moitas pezas rotas. E a muller moi comprensiva deulle as gracias.

E así é a miña vida, día a día.


!Que traballo! !Como doe! !Non sabedes vos!.

Gostaríame que dentro de moitos anos a xente se acordase do señor Ramón e daquela roda que tantos camiños e xente coñeceu.

Va me despido de vos, téñome que ir deste lugar tan bonito como é Beluso onde toda a xente me trata ben. !Adcus, adeus+ Voltarei pró ano que ven.

VICTORIA, ARSENIO E MARI CARMEN

7º A



"Non digades nada, logo, todo se sabe"

Os nosos contos do 1º B pra todos

O tesouro.


Había un barco pirata. Estaban a buscar un tesouro. Non o toperon. Naide o topou e topouno o Moncho.



Rodrigo Molaes Paz

Érese unha vez unha nena. Iba xogar coa súa pelota. Caeulle. Non e foi buscar. Caeu nuha papelleira.

Veu un neno e púxose a xogar con ela. Caeulle nuha ventana da casa da nena. A rapaza púxose moi contenta.



Sara García Santiago

Na busca do globo perdido.

Érese unha vez un neno que andaba a buscar un globo. O seu irmán escondérallo. O neno buscouno por toda a casa. Non o encontrou



Manuel Martínez Brión

O conto da nena.

Había unha vez unha nena que tiña unha muñeca. A muñeca era grande. Tamén tiña unha muñeca pequena. Logo estropeouse.

Angela.



Non me da a gana.

Era un neno ó que lle dixo a nai que fora á tenda mercar o pan. O neno díxolle;

- Non me da a gana, mamaie.
- ¿Por qué non che da a gana?.
- Porque sí.

O día seguinte o neno levantouse cedo. Almorzou. A nai mandouno á tenda por leite. O neno, coma sempre, díxolle;

- Non me da a gana, mamá.

María.



Érase unha vez un neno que se chamaba Xoán. Era bo. Sempre iba xogar ó parque. Xogaba á pelota.

Mercou un helado de fresa. Diulle súa nai os cartos e tomou todo o helado.

Tamén tiña fame e a súa nai dáballe cartos pra mercar un bocadillo de queixo. Tomouno todo. Quería mais cartos pra un chicle e unhas bolas de azeite. Tamén unha man pre comer.



O neno.

Paula Fontán Curra

O neninho estaba no berce. Por unha ventana veu un carriño con moita palla. Logo chegou a nai. Colleu o neninho e doulle o biberón. O home colleu o carro e marchouse. Chegou o pai e a nai mandou ó irmán á tenda buscar leite pra o neno. Foi á tenda e logo marchouse por ahí.



A ratiña presumida.

Juan José García de la Torre


Pasou un cabalo:

- Ratiña, non pases por ahí.
- Por qué?
- Porque se non pégoche, eh.

Depois foi ó monte e estivo a partir leña.

Foi a ratiña e pegoulle por parti-la leña que era dela.

Había tarta tirada e levouna pra casa.




A primeira espada.

Guadalupe López

Érase unha vez unha cidade na que vivían piratas. Un día saíron da cidade co barco. No barco iban moitos piratas. Dixo o vixía:

- Vela a babor, -berrando-.

Uníronse. No barco pirata houbo un duelo terrible. Pelexaron uns e outros. Morreron bastantes piratas.



O neno.

Guillermo Martínez Lamosa

O neninho estaba nun árbore. Veu súa aboa. Díxolle:


- Neno, baixa do árbore.
- Non quero -contestoulle o neno.

A aboa subeu o árbore e o neno baixou. A aboa caeu. O neno púsose enbaixo e colleuna.



Francisco Javier

ERA O TEMPO DE BOTAR-LAS 7 PATACAS



¡EH! MANOLO, PARA O TRACTOR XA ACABAMOS

XA NA SUA CASA...

CASA...

COMPRE FERTILIZANTE DAS PATACAS... flo...



¡CÓMO ME GUSTA MIRAR TELEVISIÓN!

Texto: José Antonio Rive
Dibuxo: Carlos Manuel M^o
5^aA

3)



INDO PRA TENDA...



TEMPO QUE IR COMPRALO



4)



BOS DIAS BOOM?



¡BOS DIAS! QUERIN FERTILIZAN

5)



¡É BASTANTE BO!



¡VEREMOS

MAÑÁN TEREI PATACAS



CAMINO DA CASA...



NA VEIGA

MAÑÁN TEREI PATACAS



ESPERAREI A QUE MEDREN



ASI PASARON TODAS LAS ESTACIONES PRIMAVERA

9)


VERAN



OUTONO



INVERNO



13)

¡QUE CULPA TENO EU!



RETRONS

Sete xastres fan un home
no ano de pan barato
que no ano de pan caro
fan falla vintecatros

O viño e a muller
búrlanse do saber

Home casado, burro domado

De home chusco e can rabelo
arrenégase coma do demo

A muller e a sartén
na cociña están ben

O que ten muller, ten que facer
leva toda a semana na mesma camisa

A muller e a sardiña
canto máis salada, mais dañinado día fai sol

A muller e o viño
levan ó home
polo mal camiño

A sardiña no maio
pinga no marallo
no S. Xoán
pinga no pan

No mes dos mortos
mata os teus porcos

Cando a gaivota
vai xunto o labrador
mal lle vai o pescador

O sol madrugadeiro
chóvelle o canteiro

Se ocuco non vén
entre marzo e abril
o cuco morreu
e o fin quer vir

De meniño rei
de mozo lacazán
de casado burro
e de vello can

O que ten burro
e anda a pé
ben burro e

Non te rías de ningún
que se rin deti tamén

O que de pequeno non traballa
de vello dorme na palla

Se vas a S. Andrés e corres pouco
vas nun mes e vcs no outro

Despois do S. Martiño
deixa a auga e bebe o viño

Se bebes para olvidar
paga antes de empezar

Cando o diñeiro fala
os homes calan

Un é de onde paxe
e non de onde nace

Se chove o domingo antes da misa
leva toda a semana na mesma camisa

Marzo marceador, chove de noite

O que de mozo beilla ben
de vello inda lle da o xcito

O raposo perde as forzas
pero as mañas nunca as perde

O que en maio sacha
e en S. Xoán rega
todo vran renega

No mes de maio
inda a vella
qucima o tallo

En S. Martiño
sementa o teu allio
e polo Nadal
mira como está

A chuva de S. Xoán
tolle o viño e non da pan

Setembro ou leva as pontes
ou seca as fontes

Vale mais ser can de rivo
ca fillo de pobre

Viños e amores
os vellos son os mellores

Xente nova e leña verde
todo é fumo

O que léxe vai casar
chatá leva ou vai buscar

DEPORTES

3º CROSS DE ALDAN.- 14 de maio de 1983

O pasado sábado tivo lugar o Cross de Aldán, no que participaron alumnos do noso Colexio. Nalguna proba, coma Infantil feminino, o noso Colexio logrou clasificar a 5 corredoras nos dez primeiros lugares. Elas son:

Lidia.-Lucía.-Conchita.-Teresa e Susana.

Os participantes deste Colexio quedaron clasificados da seguinte forma, nas distintas categorías:

BENXAMIN MASCULINO

12º.-Bore

13º.-Benito

15º.-Francisco Fernández

ALEVIN MASCULINO

INFANTIL MASCULINO

4º.- Xulio Pousa

12º.-Rafael Portela

CADETES MASCULINO

5º.- Alvaro Gallego

9º.- Xosé Manuel Porto

10º.- Miguel Paredes

BENXAMIN FEMENINO

12º.- Mª Diana Castro

ALEVIN FEMENINO

2º.- Mª Xosé Pérez

5º.- Guadalupe Miranda

11º.-Rosa Mª Porto

INFANTIL FEMENINO

1º.Lidia Pérez Cortizo

2º.- Lucía Torres

3º.- Concepción Pérez

4º.- Teresa Alvarez

8º.- Susana Paredes

CADETES FEMENINO

-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-

Celebrouse no noso Colexio un campionato de Balonmán feminino. Transcurreu sen ningunha incidencia grave, samente algunhas protestas de parte do público contra o árbitro nalgunhas xogadas dúbidasas. Resultou vencedor, con todo merecámente o equipo de BON gracias ao traballo dos seus entrenadores Xosé Ramón y Salvador (O Roxo). Entregáronselle unhas medallas de "ouro" pra cada compoñente do equipo campión. A clasificación quedou da seguinte forma:

1º. BON 2º. Rúa Nova 3º. A'Chadiza 4º.(último) Rosa

-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-o-

NOTICIA DE FUTBITO.-O equipo de fútbuto dos Infantiles do Colexio participou no campionato "Diputación de Pontevedra". Fixeron unha brillante campaña, xa que chegaron ó último partido empatados a 20 puntos co Marín C.F. Neste último partido, do día 14 de Maio, perderon por 3-0 contra o equipo campión, quedando clasificados no seguinte posto. Hai que destacar que o noso equipo foi o mais goleador e o menos goleado. A clasificación quedou así:

1º MARIN C. F.....	22 puntos	6º Ferpe Placeres.....	7 puntos
2º C. P. BELUSO.....	20 "	7º Tambo C.F.	2 "
3º Lord Byron	14 "		
4º Celulosas	10 "		
5º Timonel Xeiro	0 "		

..... E SEGUIMOS CO DEPORTE

CAMPEONATO DE PING-PONG

Está tendo lugar no Colexio un interesantísimo campeonato de Ping-Pong con motivo do "Día das Letras Galegas". As partidas que se están xogando están moi niveladas. Esperemos que gane o mellor.

Polo momento a competición atópase nos "Cuartos de Final", ós que chegaron, por méritos propios, os seguintes xogadores:

Juancho.- José (de 8^º).- Fran Otero.- Emilio Piñeiro.- Rafael.- Manolito Juncal
Quedan por saber os nomes dos dous restantes que participarán nesta fase.


ULTIMA HORA DEPORTIVA

O día das "Letras Galegas" vaise celebrar un mini-mundialito de futbito nas instalacións do Colexio con partidos de 15 minutos de duración cada un. Os partidos serán polo sistema de eliminatorias, e xogarán, enfrentándose entre si, os alumnos de cada ciclo.

Os responsables deste mini-mundialito serán os Profesores D. Manuel durán e D. Servilio Buceta. Calquera posible reclamación deberá ir dirixida a estes dous Profesores.

¡¡ Que a xoguedes ben!!

SEGUIREMOS INFORMANDO.....



o o o Rumores o o o o o

-Corren RUMORES de que o coro da igrexa vai a cantar pola tele.
-Corren RUMORES de que D. José Manuel comprou o Opel Corsa pra facer deporte e agora corre mais o conductor có coche.
-Corren RUMORES de que Remedios Amaya tiña pensado ganar o festival de Eurovisión pra comprar uns zapatos.
-Corren RUMORES de que D. Alberto comprará uns prismáticos pra mirar ben ós que lle copian.
-Corren RUMORES de que pro ano que ven o Colexio de Beluso será outro: D. Pedro deixará pelo largo e barba, D. Luis poñerá peluca, D. José Manuel e D. Alberto intercambiarán panza.
-Corren Rumores de que Arsenio, de 7ª, de tanto botar sermons os rapaces vai chegar a cura.
-Corren RUMORES de que Martín, de 7ª, é un descendiente dos sabios medievais nas Ciencias Sociais.
-Corren RUMORES de que Casimiro non comerá mais limóns na clase de D. Alberto.
-Corren RUMORES de que Julio Gómez e Salvador Fiel van a faer unha película do "Gordo e o Flaco".
-Corren RUMORES de que Ramona, de 7ª, vai a ser campeona da "Copa das Lengoretas de Beluso".
-Corren RUMORES de que o único cambio que houbo desde que o PSOE subeu o poder, foi o cambio de tempo.
-Corren RUMORES de que con iso das eleccións Calvo Sotelo chámase "Melenas Sotelo".
-Corren RUMORES de que Pablo Lamosa coas gafas que ten, confunde o touciño coa velocidade.
-Corren RUMORES de que España, coa política que hai vai pasar mais fame cás ratas.
-Corren RUMORES de que o profesor Sr. Durán deixará de berrar cos rapaces e logo o director e as clases do lado non sufrirán sobresaltos.
-Corren RUMORES de que algún rapaz ten complexo de moto cruzada con home.
-Corren RUMORES de que José e José Ramón marchan do Colexio, D. Luis abre dúas vacantes de secretarios.
-Corren RUMORES de que os profesores este ano deixan si excursión os rapaces mais estudiosos.
-Corren RUMORES de que os rapaces de octavo que van a ir de excursión xa están có "ole Sevilla y olé".
-Corren RUMORES de que a nova Corporación Municipal vainos a facer un polideportivo climatizado.
-Corren RUMORES de que Daniel e Boubeta quérense tanto que de noite soñan un co outro.

CORREN RUMORES DE QUE SEGUIRAN CORRIENDO MUCHOS


RUMORES===RUMORES =====RUMORES====RUMORES=

PASATEMPOS

XEROGLIFICOS



¿Que tocas ?



¿ Donde fixeche-la comida ?




¿ Que animal é ?

BUSCA :




N	X	H	E	O	C	O	Z	P
C	R	A	C	A	R	L	M	R
H	S	U	M	P	N	A	A	S
A	T	U	L	O	A	A	A	T
V	P	T	B	E	N	L	S	U
E	V	N	X	C	L	O	A	V
M	X	I	N	A	L	Q	J	X
A	E	P	R	Y	A	N	A	Y
P	A	X	E	R	G	I	X	Z



PENSA :

¿ Que camiño debe coller o gaiteiro ?



ADEVIÑANZAS :

Longuíño, longarelo, empedregullado, e tódolos días está machitado.

Unha señora, deitada nun prado vestida de pano labrado, nin era pano, nin era de seda e o que a ve pasmado se queda.



Zuncarrundullo andaba na festa, no medio hinchaba, no rabo roncaba , tiña orellas e zangoneaba.


BUSCA O NOME DE CINCO INSTRUMENTOS MUSICALES

MUSICALES

X	J	Z	M	N	A	R	Z
P	O	B	M	O	B	A	O
A	M	P	A	B	N	O	R
R	A	T	O	F	I	L	I
L	X	S	O	D	L	A	E
C	I	Ñ	A	L	C	A	D
E	A	A	T	I	A	G	N
C	O	M	E	J	N	T	A
J	T	A	M	B	O	R	P

BUSCA OS ERRORES





PORTADA E CONTRA PORTADA DE:
ADAN CARLOS BOVBETANOVAS 8º B